

Resolución do 7 de outubro de 2014, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, pola que se lle dá publicidade a diversos acordos referentes ao cuarto exercicio do proceso selectivo.

En sesións que tiveron lugar os días 25 de setembro e 7 de outubro de 2014, o Tribunal designado pola Orde do 4 de febreiro de 2014 (DOG núm. 33, do 18 de febreiro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as,

ACORDOU:

Primeiro.- Que de conformidade co disposto na base II.1.1.4 da convocatoria, superaron o cuarto exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de cincuenta (50) puntos.

Segundo.- Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao cuarto exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos, na Escola Galega de Administración Pública, no taboleiro de anuncios do Servizo de Rexistro Xeral e Información á cidadanía da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).


Terceiro.- De acordo co disposto na base II.1.2.7 da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen oportunas con relación ás puntuacións no prazo de 10 días a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.- De conformidade co disposto na base III.13 da convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2014

O presidente do tribunal

Manuel Mateo Díaz





**CORPO SUPERIOR DA XUNTA DE GALICIA, (subgrupo
A1) ESCALA SUPERIOR DE ESTATÍSTICOS/AS**
Promoción interna e libre

DNI	APELIDOS E NOME	QUENDA	NOTAS
78798805T	ROMERO MARTINEZ, MARIA DEL PILAR	INTERNA	76,50

DNI	APELIDOS E NOME	QUENDA	NOTAS
50737479P	DE LA HERRAN DE BLAS, CARLA ELENA	LIBRE	83,50
47365770F	GARCIA VARELA, JAVIER	LIBRE	67,50
53162876D	GUERRA FERNANDEZ, MONTSERRAT	LIBRE	0
35473745V	LEIROS ALONSO DE VELASCO, JAIME	LIBRE	54,50
76927671P	MARTIN VILA, MARIA	LIBRE	50
44807616M	VIQUEIRA MIRANDA, MARIA DEL PILAR	LIBRE	21,5

